



Orientacións metodolóxicas para a realización de traducións xuradas

A tradución xurada é unha versión documental íntegra, clara e fidedigna do texto redactado nunha lingua de partida que é traducida a outra lingua de chegada por unha persoa que goza da capacidade suficiente e que está habilitada para facelo, denominada Tradutor/a Xurado/a.

Ademais de posuír un bo coñecemento do idioma, así como dos ordenamentos xurídicos e administrativos (tanto do propio coma dos estranxeiros) e dos sistemas dos demais estados que posúan a mesma lingua, o/a tradutor/a xurado/a debe ter uns altos principios éticos e posuír unha formación académica e rigorosidade profesional avaladas mediante o nomeamento expedido ao seu favor pola entidade administrativa correspondente, no caso do galego, pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que o habilita para:

1. Traducir todo tipo de documentos, en especial aqueles que emanan de calquera acto xurídico, e legalizalos en calidade de fedatario público, coa súa propia certificación, selo e sinatura.
2. Cotexar, revisar e legalizar as traducións realizadas por terceiros, os cales quedarán automaticamente exonerados de toda clase de responsabilidades sobre a autenticidade, precisión e integridade das traducións ao quedar plenamente asumida polo tradutor/a xurado/a.

3. Pola súa condición de auxiliar da Xustiza, interpretar verbalmente, de forma simultánea ou consecutiva, o falado entre as partes durante a instrución de dilixencias, interrogatorios etc. e referendar coa súa sinatura a autenticidade, a precisión e a integridade do que se anote formalmente nos sumarios, rexistros ou expedientes.

Fidelidade

Por fidelidade entenderase a característica dun texto traducido que acada os seus obxectivos respectando ao máximo o sentido que o tradutor lle atribúe ao texto de partida e que respecta o uso normal da lingua de chegada na súa formulación.

Toda tradución xurada ten que ser equivalente ao texto orixinal en canto á forma, ao estilo e ao contido. Perante diversas posibilidades de interpretación, poderán indicarse todas elas nun informe no que o tradutor deberá explicar cada unha delas e as razóns da súa escolla. Haberá que ter moi en conta, con carácter exclusivo, as seguintes pautas:

Enderezos

Non se traducen. Realizarase a súa transcripción ou transliteración, acompañada, se fose preciso, dunha nota aclaratoria.

Nomes propios, patronímicos e apelidos

Non se traducen. No caso dos alfabetos non latinos realizarase tan só a súa transcripción ou transliteración, acompañada, se fose preciso, dunha nota aclaratoria, cando apareza por vez primeira no texto, tal e como é, na lingua de partida.

Títulos nobiliarios e de cortesía

Só se traducirán se existe equivalencia na lingua de chegada, facendo constar o nome orixinal nunha nota aclaratoria cando apareza por vez primeira no texto, tal e como é, na lingua de partida. Así mesmo, se o tradutor/a ten coñecemento de que o

nome actual se debe ao cambio recente doutro anterior, reseñará os dous nunha nota aclaratoria indicando:

(1) antes: ... / agora: ...

Nomes de organismos e denominacións oficiais

Só se traducirán se existe equivalencia na lingua de chegada. De non ser así, o tradutor deberá gardar a denominación orixinal (nome ou siglas) indicándose a súa tradución máis achegada nunha nota aclaratoria cando apareza por vez primeira na lingua de partida. Non se traducirán tampouco os logotipos.

Títulos, diplomas e certificados

Será competencia do Ministerio de Educación e Ciencia determinar as equivalencias españolas en canto ao tipo de centro docente, ás cualificacións obtidas, á denominación e ao rango profesional acadados. Nestes casos, o tradutor/a xurado/a limitárase a introducir notas aclaratorias para facer precisións sobre os anteriores elementos e facilitar o labor do organismo correspondente. Ex.: notas aclaratorias da tradución xurada dun certificado académico, francés>español.

Notas de la tradutora:

1- Maîtrise: Título superior del sistema educativo francés, en el que se asiste a cursos y se defiende un trabajo de investigación . Este título se concede al finalizar el segundo ciclo universitario.

2- LANGUES, LITTÉRATURES ET CIVILISATIONS ETRANGÈRES spécialité ESPAGNOL: estudios universitarios que constan de cuatro cursos

académicos que conducen a la obtención de tres títulos universitarios:

DEUG: 1.º y 2.º curso académico.

LICENCE: 3.º curso académico.

MAÎTRISE: 4.º curso académico.

En España no existe una carrera equivalente. La más cercana sería para esta especialidad la licenciatura de Filología Española.

3- Très bien: calificación francesa = 18 y = 20 sobre 20.

Números

Reproduciranse sempre tal e como figuren no texto de partida (arábigos ou romanos). Cando no texto de partida aparezan en letra, deberán reproducirse tamén en letra, o que é costume en textos de ámbito xudicial mesmo nas datas, e nas cantidades como medida de seguridade.

Datas

O tradutor deberá introducir na lingua de chegada calquera cambio de ordenación (p. ex., en España: día, mes, ano; en Estados Unidos: mes, día, ano).

Abreviaturas

Só se traducirán se existe equivalencia na lingua de chegada. De non ser así, manteranse como aparecen no texto de partida indicando, se é posible, a súa tradución máis achegada nunha nota aclaratoria entre parénteses cando aparezan por primeira vez no texto.

Locucións latinas

Só se traducirán se existe equivalencia exacta e de uso habitual na lingua de chegada. De non ser así, manteranse tal como aparecen no orixinal, en latín e en cursiva.

Palabras e expresións noutras linguas

A miúdo, nos textos orixinais aparece algunha palabra ou expresión nun terceiro idioma que non é nin a lingua de partida nin a de chegada. Se o tradutor/a carece de nomeamento expedido ao seu favor para traballar nestoutro idioma, deberá absterse sempre, por moi ben que o domine, de traducir tal palabra ou frase, limitándose a transcribila ou transliteralala, entre comiñas, indicando nunha nota aclaratoria: “sic”.

Outra posibilidade sería engadir unha nota aclaratoria do tipo:

(1) Texto escrito nun alfabeto non latino.

(1) Texto escrito nun sistema lingüístico diferente que o tradutor/a non está habilitado para traducir.

Anotacións a man

En moitos textos orixinais aparecen ás veces notas, cifras, palabras soltas etc. escritas á man. É obriga do tradutor traducilas e facelas constar no texto de chegada. Se son lexibles farase constar a súa tradución no lugar que ocupan. De non selo, engadirase unha nota do tipo:

(2) Texto ilexible / palabra ilexible / cifra ilexible...

Moitas axencias ou clientes teñen tendencia a escribir na copia do orixinal que lle mandan ao tradutor anotacións para este, sen ter consciencia de que esa copia (ou unha fotocopia dela) deberá achegarse coa tradución xurada. Por iso recoméndase que o tradutor teña isto sempre en conta e llo sinale ao cliente.

Erros ortográficos e de sintaxe

Só se corruxirán na lingua de chegada as faltas de ortografía e sintaxe do texto de partida que non poidan encerrar un segundo significado, e que non sexan intencionadas como parte dun estilo persoal.

Riscos

As palabras, frases ou liñas no texto de partida que aparezan riscadas pero lexibles terán que ser traducidas e riscadas tamén no texto de chegada, indicándose nunha nota aclaratoria:

(3) Riscado no documento orixinal.

Cando as palabras, frase ou liñas no texto de partida aparezan riscadas e totalmente ilexibles, o lugar que habían de ocupar no texto de chega encherase cuns cantos puntos encerrados entre paréntese: (...), indicándose en nota aclaratoria:

(3) Tachado e totalmente ilexible no documento orixinal.

Selos, pólizas e timbres oficiais

Traduciranse todos aqueles selos que figuren no documento orixinal. Se son lexibles, faranse constar na tradución do seguinte xeito:

Selo: **FEDERATION SUISSE DES ECOLES PRIVEES**

A ser posible nun tamaño de letra máis pequeno ca o do resto do texto e aproximadamente no mesmo lugar que ocupa no orixinal.

En caso de que o selo sexa ilexible, o tradutor engadirá unha nota aclaratoria do tipo:

(1) Selo ilexible.

Indicarase, ademais, a existencia de calquera outra apostila, certificación ou selo que, engadido ao documento orixinal, estea redactado na lingua de chegada.

Sinaturas manuais

Non se traducirán nunca aínda que sexan perfectamente lexibles. Só se porá no lugar que corresponda, entre parénteses, no texto de chegada: “(Asinado)”. Adicionalmente pódese engadir unha nota aclaratoria do tipo:

(3) Sinatura ilexible

Outras observacións

O tradutor/a xurado/a deberá facer constar nunha nota aclaratoria calquera outra circunstancia ou factor non considerado nos apartados anteriores e que, ao seu xuízo, deba facerse observar.

Integridade, omisións, extractos ou resumos

Todo texto redactado nunha lingua de partida da que se requira a súa correspondente versión xurada noutra de chegada haberá de traducirse integramente.

O tradutor xurado deberá absterse de omitir calquera parte dunha declaración verbal ou documento escrito, aínda no caso de que a considere innecesaria.

Cando o cliente pida unha tradución xurada extractada ou resumida, deberá o tradutor xurado facelo constar no texto de chegada, e sinalar claramente todo o suprimido no de partida.

Notas aclaratorias

Observacións que o tradutor xurado estime necesario incluír en forma de notas con vistas a explicitar o sentido particular, matices especiais, extensión, limitacións ou dúbidas sobre un determinado vocábulo, termo ou frase, que polo seu carácter idiomático, técnico ou polisémico ofrece ou pode chegar a presentar.

Tales notas aclaratorias deberán axustarse a unha máxima concisión. E poderán facerse constar de varios xeitos:

- a) Ao pé do texto traducido, claramente diferenciadas deste.
- b) Nunha páxina independente inmediatamente posterior ao texto traducido que irá encabezada por:

Notas aclaratorias / Notas do tradutor/a

Recoméndase reproducir as notas aclaratorias nun tamaño de letra inferior ao do texto da tradución.

En canto á ordenación das notas, todo termo, expresión ou cifra que no documento orixinal esixa ou faga recomendable algún tipo de aclaración ou comentario, porase no texto redactado na lingua de chegada, tal como aparece no orixinal, seguido dun número entre parénteses. A continuación o tradutor xurado fará constar a observación correspondente no pé da páxina ou na sección “notas aclaratorias”. A secuencia numérica das observacións iniciais será correlativa e terá sempre en conta o número das notas inseridas nas páxinas precedentes.

Velaquí os principais casos susceptibles de inserir notas aclaratorias:

1. Problemas de interpretación do texto orixinal por mala lexibilidade ou mutilación mecánica (p. ex., en documentos transmitidos por fax, telegrama etc.).
2. Problemas de interpretación do texto orixinal por mala lexibilidade debida a alteracións naturais ou causais (antigüidade, deterioro, desmembramentos, humidade, parasitos etc.).

3. Problemas de interpretación ou garantía de autenticidade do texto orixinal por alteracións intencionadas (adicións, supresións, interpolacións, emendas, rachaduras ou riscos, tanto manuais como mecánicos).
4. Problemas de interpretación por emprego de sintaxe incorrecta, terminoloxía ambigua, barbarismos, idiotismos, xergas e vocábulos ou locucións dialectais.
5. Problemas de interpretación por eventuais polisemias imposibles de discernir na lingua de partida.
6. Flexións gramaticais de nomes propios, patronímicos e apelidos declinables, en particular os de orixe eslava. En cada caso concreto, segundo o uso máis habitual, deberanse transcribir na lingua de chegada, ben na súa forma nominativa ou na declinada (p. ex.: Gorvachov/Gorbachova) indicándose logo, se fose preciso, a forma correspondente ao caso orixinalmente empregado.
7. Nomes propios e apelidos estranxeiros (sobre todo os de orixe africana e asiática), que nos permitan determinar cales son uns e outros e o sexo da persoa que os ostenta.
8. Naqueles documentos que aparezan redactados en dúas linguas (por exemplo determinados documentos da administración suíza, da administración estatal, de Facenda...) o tradutor deberá deixar constancia deste feito.

Configuración e elementos das traducións xuradas

Ao teren as traducións xuradas a consideración de documentos oficialmente expedidos no idioma de chegada por un fedatario público, sendo complementarias, con carácter non omitible, a todo tipo de escrituras, poderes, certificacións, títulos académicos, contratos mercantís etc., redactados nunha lingua calquera de partida, sen as que carecerían todos estes de validez ante xulgados, ministerios, universidades, rexistros, notarías e demais organismos oficiais e económicos, é de rigor axustarse, con carácter non exclusivo, e sen posibilidade de omisión, ás seguintes normas:

1. Soporte físico (optativo)

Independentemente de que nun futuro o rexistro da sinatura electrónica do tradutor xurado lle permita ofrecer as traducións en formato electrónico, e a menos que a axencia ou o cliente nos indiquen o contrario, recoméndase presentar as traducións xuradas en pregos de papel timbrado do Estado, da clase oitava, co que se lle dá un aspecto máis formal ao texto.

No que atinxe a este tipo de papel, hai que facer especial atención ao número que aparece na parte superior dereita: a tradución xurada deberá figurar sempre en números consecutivos.

2. Disposición do texto

O texto da tradución xurada deberá recollerse no soporte físico establecido, conforme ás seguintes pautas:

2.1. Encabezamento

En principio, toda tradución xurada debe realizarse sempre a partir dun documento orixinal. Porén, na realidade isto non sempre ocorre así, e o tradutor ten que traballar adoito a partir dunha fotocopia, dun fax etc. Por iso recoméndase que antes de comezar a tradución se faga constar unha aclaración do tipo:

TRADUCIÓN XURADA Ó GALEGO

DUN DOCUMENTO NON ORIXINAL EN FRANCÉS

ou

TRADUCIÓN Á LINGUA GALEGA DUN DOCUMENTO

–TIPO DE DOCUMENTO- EN LINGUA FRANCESA

Esta anotación deberá ir en letras versais (para diferenciala da tradución en si mesma) e centrada.

2.2 Marxes

Partindo da idea de que se debe respectar ao máximo o formato do texto orixinal, as marxes da tradución deberán establecerse en función deste. Non obstante, hai que ter en conta que, nos folios de papel timbrado, a marxe mínima na parte superior deberá ser como mínimo de 6 cm para que o texto da tradución non se sobrepoña ao timbre do papel no momento da impresión.

3.3 Delimitación do texto (optativa)

De maneira optativa, o texto poderá quedar circunscrito dentro dun recadro de liña sinxela.

3.4. Guionado ou sombreado

Todos aqueles datos relevantes, así como os ocios baleiros que figuren na tradución e que sexan susceptibles de adicións ou emendas introducidas maliciosamente por terceiros (apelidos, datas, cantidades...), marcaranse na tradución cun sombreado ou seguidos de varios guións.

Exemplo (extracto dun modelo de acta de nacemento galego>francés):

CERTIFICATION EN EXTRAIT DE DÉCLARATION DE NAISSANCE

Section I^{ère} Registre de l'Etat civil de
Tome (8) _____
Page Province de
Folio ⁽¹⁾ _____

M. ROBERTO CASTRO Y RUIPEREZ
fils de **ROBERTO** (Prénom et noms du né) et de
AMPARO
est né à (Prénom) **BARCELONE**
le **deux avril mille neuf cents soixante-**
neuf

Cette certification
en extrait ne certifie _____ (En

que le fait de la lettres) _____
naissance, de la _____
date et du lieu, et du _____
sexe de l'inscrit _____ (Notes et autres
(Règlement du indications) _____
Registre de l'Etat _____
civil du 14 _____
novembre 1958, art. _____
29). _____

3. Fórmula de certificación

A fórmula de certificación consiste nun texto breve na lingua de chegada, recollido nun único prego de papel timbrado e inmediatamente posterior á tradución, no que o tradutor/a xurado/a se identifica coma tal e fai constar en forma de “certificación” ou de “declaración” a total fiabilidade desta baixo a súa responsabilidade moral (véxanse os modelos anexos).

4. Sinatura

Signo caligráfico, persoal, rubricado ou non, que o tradutor xurado ten legalmente recoñecido perante a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, e que emprega ben como autor ou en calidade de encargado de cotexar, revisar e/ou legalizar, baixo a súa exclusiva responsabilidade, o texto traducido por un terceiro.

A sinatura deberá figurar en todos e cada un dos folios da tradución, no folio das notas aclaratorias (no caso de facelas constar nun folio aparte), na certificación, así como en todas as follas dunha copia do documento orixinal.

5. Selo

Consiste nunha marca identificativa, xeralmente confeccionada sobre un soporte de caucho. O tradutor/a xurado/a deberá dispor dun selo oficial que aplicará sobre todas e cada unha das páxinas da tradución, das notas aclaratorias (se se fan constar nun folio á parte), da certificación, así como na copia do documento orixinal.

No selo deben figurar, sen ningún tipo de engadido ou símbolo, os seguintes datos:

1. Nome e apelidos do tradutor ou intérprete xurado
2. Número de rexistro
3. NIF
4. Linguas e modalidades para as que está habilitado
5. Enderezo, teléfono, fax, email

6. Encadernación e presentación final

Montaxe do soporte físico que constitúe o corpus do documento, complementado polo texto de partida. Unha posible orde de presentación pode ser a seguinte:

- 1) Unha copia do orixinal asinada e selada polo tradutor/a xurado/a en todas as súas páxinas.
- 2) A tradución xurada debidamente asinada e selada en todas as súas páxinas.
- 3) O folio coas notas aclaratorias (optativo) debidamente asinado e selado.
- 4) A certificación asinada e selada.

Recoméndase encadernar o documento nunha carpeta plástica de pastas duras para evitar que se dane ao envío por correo.

PEQUENO CÓDIGO DEONTOLÓXICO DO/A TRADUTOR/A XURADO/A

Art. 1 - A relación entre profesional e cliente debe desenvolverse dentro da máis absoluta reserva. O/A profesional non debe divulgar ningún asunto sen a autorización expresa do seu cliente, nin empregar no seu beneficio nin no de terceiros o coñecemento dos asuntos do seu cliente adquirido como resultado do seu labor profesional.

Art. 2 - O tradutor/a xurado/a estará exento da súa obriga de segredo profesional cando deba revelar os seus coñecementos para a súa defensa persoal na medida en que a información que proporcione resulte imprescindible nun proceso xudicial.

Art. 3 - O tradutor/a xurado/a non debe desenvolver tarefas profesionais cando teña calquera interese que se poida contraponer ao do cliente, sen informalo previamente.

Art. 4 - O exercicio xeral da profesión debe ser consciente e digno, e a fidelidade á verdade, norma permanente de conduta e finalidade da actuación do tradutor/a xurado/a. Non debe empregarse ningunha técnica para distorsionar a verdade.

Art. 5 - O tradutor/a xurado/a non debe intervir en asuntos respecto dos cales careza de absoluta independencia.

Art. 6 - O tradutor/a non debe intervir cando a súa actuación profesional:

- a) permita, ampare ou facilite actos incorrectos ou punibles;
- b) poida empregarse para confundir ou sorprender a boa fe de terceiros;
- c) poida empregarse en forma contraria ao interese público ou aos intereses da profesión para evadir a lei.

Art. 7 - O tradutor/a xurado/a non debe interromper a prestación dos seus servizos profesionais sen comunicalo con antelación razoable, salvo que as circunstancias impidan especificamente esta comunicación.

Art. 8 - Na actuación profesional, calquera que sexa o ámbito no que se desenvolva a súa actividade, debe respectar e aplicar as normas e o espírito deste Código.